

Ferrín analiza nun novo libro os momentos clave nos que se manipulou a figura de Castelao

Un dos intres aos que fai referencia é un discurso de Núñez Feijóo no que asegurou que o histórico galeguista era “monárquico”



Méndez Ferrín, o pasado ano. | // R. GROBAS

Mar Mato A Coruña 02 agosto 2024

Sempre en Galiza de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao está considerada a Biblia do galeguismo. Hoxe, podemos conseguilo sen problemas. Non iremos ao cárcere; non nolo confiscarán; non sufiremos torturas. Mais dende que se publicou en Bos Aires no 1944 ata expirar a ditadura de Franco, portalo podía supoñer acabar entre reixas. A pesar dos riscos, un rapaz de 15 anos chamado Xosé Luís Méndez Ferrín facíase cun exemplar prestado no 1953. Nunca máis prescindiría dos postulados desta catedral de principios. Estes días, chega ás librarías o novo libro de Ferrín, *Castelao é noso* (Alvarellos Editora) onde expón os momentos cumio nos que se manipulou o legado do histórico galeguista.

Castelao é noso tamén lembra como Ferrín logrou o *Sempre en Galiza*. Por teléfono, explicaba onte o escritor e exdirector da Real Academia Galega (RAG) o que sentiu ante aquelas páxinas: “Resultoume moi emocionante e incluso perigoso. Era un libro prohibido, ilegal, transmitido de

forma clandestina a través de mariñeiros de barcos de liñas regulares que colaboraban na difusión”.

A súa nova obra recompila 13 artigos publicados neste diario entre 2007 e 2020 en No fondo dos espellos. Os textos falan —como sinala no limiar Fernando Ramallo— do “apropiacionismo” da figura de Castelao, “un suxeito político radicalmente republicano, nacionalista federalista, contrario á monarquía” pero que nos últimos anos foi defendido por determinados políticos —Núñez Feijóo, por exemplo— como monárquico. “Castelao era republicano e morreu como tal”, recalca Ferrín polo teléfono. A continuación, algúns exemplos da usurpación.

Feijóo e “Castelao é de todos”.

Feijóo tamén se atreveu noutra ocasión a sinalar que “Castelao é de todos”. No seu último libro, Ferrín escribe: “Castelao é dos demócratas, dos nacionalistas e dos antifeixistas. É dos republicanos. Sobre todo é dos que manteñen a memoria dos que sufriron e dos que perderon na Guerra Civil coma el”.

Caracas, Celso Emilio e 1968.

Relata Ferrín que uns emigrantes galegos “próximos á embaixada de Franco” decidiron facer un acto dedicado a Castelao como ilustre “poeta”.

Celso Emilio Ferreiro, membro fundador no 1964 da Unión do Povo Galego (fronte que loitaba por Galicia como unha nación e pola súa autodeterminación) que se atopaba na urbe venezolana naquela altura, compuxo uns versos satíricos baixo o nome de Arístides Silveira para criticar que aqueles que desterraran a Castelao agora tiveran o atrevemento de manipular a súa figura ao reduci-lo a un simple poeta sen destacar o seu traballo político.

Democracia e autonomía.

Relata Ferrín que “ao constituírse a autonomía de Galicia, os partidos españois daquela, AP, UCD, PSOE, carecían de figuras de referencia galega no seu presente e pasado. (...) Os franquistas reciclados arbitraron procesos de manipulación histórica como o de converter Castelao nun precursor do estado borbónico das autonomía en xeral e da Xunta en concreto”.

O piñeirismo.

“Non somos nacionalistas porque non somos reaccionarios”, sinalaba un panfleto do PSG que creara Ramón Piñeiro no 1963, anos despois de saír do cárcere. O seu antimarxismo fixo que o piñeirismo excluía o Castelao político fixándose só na súa arte e literatura. Defensor da súa liña foi Gerardo Fernández Albor, quen acabaría sendo presidente da Xunta e quen “decidiu a utilización institucional dun Castelao demoucado e maquillado ideoloxicamente a fin de lixitar a nova autonomía”, critica Ferrín.

A lea do traslado dos restos de Bos Aires a Compostela.

Albor logrou o traslado do corpo de Castelao de Bos Aires ao Panteón de Ilustres de Santiago. “A dereita aninacionalista, anticomunista e antirrepublicana intenta apropiarse da memoria de Castelao coa axuda do piñeirismo e de outros axentes. Enterraron o líder en Bonaval, pero un vastísimo movemento político agreoulles o pracer do malfeito (...) defendía que o traslado dos restos só se debería producir cando Galicia fose ceibe e republicana”, escribe no libro.

O Panteón de Galegos Ilustres.

A Igrexa de San Domingo de Bonaval, onde se atopa o Panteón de Galegos Ilustres, algúns dos cales foron críticos co poder clerical, non sempre foi da Igrexa. Recorda Ferrín que o arcebispo de Santiago gañou un preito para que o templo que nunca pertencera á mitra pasara a ser da súa propiedade. “Pertencera á orde Dominica e na desamortización, as forzas liberais apoderáronse desta posesión pero haberá uns 30 anos o bispado gañou o preito ao Concello de Santiago e é agora propietario do Panteón”, sinala Ferrín.